

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INE  
 Grupo de Traballo do INE e Mesa Delegada e Subcomisión do Ministerio

### Fachenda na casa e fame na praza

Este mes tivemos xuntanzas do Grupo de traballo do INE e a Subcomisión e a Mesa Delegada do noso ministerio, este é un resumo das últimas novidades:

No referido á constante perda de efectivos, pouco que contar, seguimos perdendo persoal e as escasas incorporacións de oferta ou concurso non fan máis que afondar na agónica situación na que se atopa o noso organismo. Na CIG temos claro que a falta de incentivos económicos e as moi mellorables condicións de traballo, fan que a gran maioría do persoal do INE queira marchar, aínda que cada vez é máis complicado. A solución, sempre a mesma, PRIVATIZACIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS.

Están en marcha diferentes procesos de Oferta de Emprego; Libre, Promoción Interna e Estabilización, que como comento para pouco chegan. Pero nos dan pistas da deriva do INE. Da Oferta Libre convocada este ano, que é o único sistema de provisión que podería sumar efectivos, 193 postos son de A1, 270 de A2 e só 150 de C1 especialidade estatística. Debe ser que fan falta moitos máis encargados/as do temón que remeiros/as.

Caso a parte é o dos procesos de estabilización, despois dos múltiples erros nas certificacións de méritos, atrasos na publicación das listaxes de admitidos e máis trabas postas desde Secretaría Xeral e o Servizo de Selección, aínda tiveron a cara de achacar a lentitude ós tribunais cualificadores. A gran pregunta segue a ser cales van a ser as características deses postos no referido á localidade, quenda e traballo a desenvolver. As localidades, tal e como lles dixemos que tiñan obriga, serán aquelas nas que se produciron as sentenzas iniciais, o resto o están tratando coas diferentes unidades de destino. Desde a CIG solicitamos que se nos aclaren estas cuestións canto antes.

### Retribucións

Imos incidir agora nun dos aspectos que fai que queiramos escapar do INE:

**Retribucións complementarias do persoal laboral;** Como comentamos na nota informativa sobre complementos, o acordo da vergoña deixa fora ó persoal tomou posesión do seu posto despois do 1 de xaneiro de 2022 e todos os postos vacantes, ademais quedamos excluídos/as da asignación do complemento E1, concedido por realizar tarefas fora do centro de traballo e que se asignou noutros ministerios.

**Produtividade;** A secretaria xeral manifesta a súa **negativa rotunda a negociar un acordo de produtividade por obxectivos**, tal e como vimos solicitando toda a parte social desde fai anos, así como os datos das cantidades percibidas por cada empregado/a público. Achegamos unha aproximación cos datos dos que dispoñemos, para que saques as vosas conclusións sobre os motivos desta negativa.

PRODUCTIVIDADE PERSOAL FUNCIONARIO EN NOMINA DE SETEMBRO DE 2023			
UNIDADE	IMPORTE TOTAL	Nº EFECTIVOS	Cantidad máxima percibida
SERVIZOS CENTRAIS	1.467.350,33	1.169	18.060,89 €
DELEGACIÓNS	301.137,00		Non facilitan datos
C1 ESTATÍSTICO	120.397,00		Non facilitan datos
PERSOAL LABORAL	53.737,50	1.887	200 €

### Xubilación parcial e contratación temporal

Unha vez desbloqueada a xubilación parcial do persoal do Anexo II, seguimos con un enorme atraso na execución deste dereito, coa excusa, esta vez, das eleccións. Esiximos a urxente tramitación das solicitudes pendentes e axilidade para as posteriores. Outro síntoma da parálise da nosa empresa.

Agora tamén teñen autorización para realizar contratos temporais de substitución para as baixas de longa duración, pero néganse a realizar bolsas de traballo como solicitamos en solitario desde a CIG desde fai anos, queren realizar un proceso selectivo para cada baixa, todo un atranco, xa que co ritmo de xestión actual tardan en cubrir unha baixa preto de 6 meses.

Lembrade que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web [www.estado.cigadmon.gal](http://www.estado.cigadmon.gal) e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.